



Dez prioridades do BNG para os concellos

Compostela, 4 de maio de 2011.- A candidata do BNG á alcaldía de Ourense, Isabel Pérez, asiste hoxe en Compostela á Comisión de Grandes Cidades do Bloque Nacionalista Galego na que se presenta o decálogo "Dez prioridades do BNG para os Concellos", documento que é para o BNG un compromiso de futuro coa cidadanía nos concellos do país.

A continuación os dez puntos do documento presentado hoxe en Compostela.

1.-Criar emprego e combater a crise.

Todas as políticas do BNG desde os concellos terán como obxectivo a reactivación da economía e a creación de postos de traballo de calidade.

Os concellos gobernados polo BNG despregarán programas de colaboración estratéxica cos sectores produtivos básicos, desde a consideración de que só o estímulo da economía produtiva pode crear emprego de calidade.

Superaremos a cultura do ladrillo e respaldaremos actividades económicas sustentábeis e que críen valor engadido.

Apoiaremos os emprendedores (con sementeiras de empresas), melloraremos a xestión dos fondos destinados á formación de traballadores e traballadoras e ofertaremos cursos e obradoiros que ofrezan oportunidades claras de inserción laboral.

2.-Reforzar os servizos sociais públicos e frear a vaga de privatizacións característica das políticas de dereita.

A dereita aspira a gobernar as cidades porque quere trasladar aos concellos o modelo privatizador que ten impulsado na Xunta.

Xa coñecemos os efectos dese modelo privatizador: a xente ten menos protección social xusto no momento en que o paro alcanza un récord histórico en Galiza, con 250.000 desempregados.

Ese modelo só interesa ás empresas amigas do PP que fan negocio coa privatización de servizos públicos esenciais para aqueles sectores sociais máis castigados pola crise.

A prioridade do BNG será o fortalecemento dos servizos nomeadamente a atención ás persoas máis necesitadas.

Nese sentido, estenderemos a rede de coidados e servizos ás persoas maiores e tamén os servizos de apoio á infancia (escolas infantís e servizos escolares complementares).

3.-Eficiencia no uso dos recursos públicos fronte á falsa austeridade do PP.

Faremos un uso eficiente dos recursos públicos, reduciremos o gasto improdutivo e maximizaremos o investimento que críe valor engadido.

Xusto o contrario do que fai o PP, quen abusa da retórica da austeridade, pero logo na práctica -véxase a súa xestión na Xunta- incrementa o gasto corrente e de forma irresponsábel deixa de executar, por unha conduta negligente, investimentos produtivos xa orzamentados.

4.-Defensa dun sistema de financiamento local adecuado ás Necesidades de Galiza.

Os concellos galegos sofren unha discriminación histórica ao estar peor financiados que os doutros territorios do Estado.

Reclamaremos que se teñan en consideración factores tan relevantes como o avellantamento ou a dispersión populacional á hora de calcular a participación dos concellos galegos nos ingresos do Estado.

Non podemos ficar impasíbeis, como fixeron historicamente PP e PSOE, ante a evidencia de os concellos galegos teren un financiamento per cápita claramente inferior ao promedio estatal.

5.-Aprofundamento da democracia participativa.

Non só está en crise a economía. Estao tamén a democracia. É urxente establecer canles de participación social na toma de decisións dos poderes públicos, tamén nas corporacións municipais.

A participación social é clave para que as políticas públicas respondan aos intereses do pobo e non aos intereses das minorías privilexiadas.

Garantiremos a participación veciñal no deseño e a execución dos proxectos de obras, de xeito que teñan coñecemento efectivo das súas características así como do seu cronograma de execución, para minimizar as molestias derivadas da realización das obras e optimizar o resultado final.

6.-Racionalización do mapa local galego.

Os concellos do BNG traballarán na perspectiva de avanzar cara á racionalización do mapa local galego, para adecualo á base material do País e a súa forma de ocupar o territorio e para ser máis eficiente na administración dos fondos públicos.

É hora de avanzarmos cara á constitución das comarcas e, nos espazos urbanos, cara á constitución de áreas metropolitanas dignas de tal nome.

E é hora nomeadamente de defendermos politicamente e sen ningún tipo de ambigüidades a supresión das Deputacións provinciais, institucións obsoletas e que só serven para o despilfarro de recursos públicos.

7.-Defender a lingua e a cultura de Galiza.

Desde os concellos tamén se pode construír nación.

O BNG non concibe os concellos como células ailladas e combate politicamente o localismo por ser negativo para o desenvolvemento do País e o máis eficaz aliado das políticas centralistas e negadoras da condición nacional de Galiza.

Construír nación pasa por defender desde os concellos a lingua de Galiza. E pasa identicamente por potenciar a cultura nacional galega.

Contribuíremos a afianzar as industrias culturais galegas, impulsaremos a organización de mostras e circuitos intermunicipais e incentivaremos seminarios e estudos sobre a cultura galega.

8.-Mellorar a calidade de vida das persoas.

Impulsaremos políticas para a mellora das condicións de vida das persoas, en distintos ámbitos.

Preocuparémonos de resolver os problemas de mobilidade e de potenciar o transporte público para mellorar a seguraza viaria.

Recuperaremos o entorno natural e garantiremos a súa posta en valor a través da creación de roteiros e visitas guiadas e sinalizadas, co cal non só defenderemos o medio, senón que tamén o converteremos en fonte de riqueza económica.

9.-Promover un urbanismo que antepoña o interese público sobre o privado.

O BNG asumirá unha política de ordenación do territorio e xestión do urbanismo onde prime o interese público sobre o privado, conxuntando equilibrio territorial, o desenvolvemento urbanístico racional e a protección do ambiente e a paisaxe; e comprometéndose a unha xestión municipal que – lonxe de aplicar o todo vale- coute as agresións, integre os proxectos urbanísticos no territorio e poña en valor o noso medio natural.

Impulsaremos a protección do patrimonio, tanto histórico, cultural ou medioambiental, e a súa valorización com esteo do desenvolvemento local, que ademais xere oportunidade económicas nos concellos (turismo, hostalaría):

Potenciaremos programas de rehabilitación de casco históricos para a posta en valor dos núcleos das cidades e vilas e fomento de políticas de conservación de monumentos de interese histórico-artístico, como medidas de impulso ao desenvolvemento local e apoio a sectores económicos.

10.-Despregar políticas dirixidas á mocidade e a garantir a igualdade.

Criaremos oficinas de Emprego xuvenil e defenderemos o restabelecimento das liñas de noite bús, ao tempo que procuraremos garantir espazos de lecer e deporte para a mocidade.

As políticas de Igualdade tamén serán prioritarias nos gobernos municipais do BNG. Así, estableceremos unha Oficina de igualdade para a inserción laboral, o fomento da corresponsabilidade familiar e a mellora na visibilización das mulleres.